

# RUN BABY RUN



DIRECCIÓN:

**JANA  
PACHECO**

AUTORÍA:

**FÁTIMA  
DELGADO**

ELENCO:

**ALBA LOUREIRO**

**CAMILA BOSSA**

**CELINA FERNÁNDEZ PONTE**

**DANIEL MÉNDEZ**

IRIS VILA

Coproducida por:



TEATRO ESPAÑOL  
Desde 1593



CENTRO  
DRAMÁTICO  
GALEGO




MENINAS  
teatro



PROVERSUS



XUNTA  
DE GALICIA



Comunidad  
de Madrid



PROVERSUS

Distribución:



PROVERSUS





Foto: Esmeralda Martín

## SINOPSE

Alba é unha atleta de éxito que loita por conseguir a vitoria e adestra duro para iso. É a favorita ao podio, pero a súa carreira verase truncada por un feito inesperado. Uns meses antes dos Xogos Olímpicos, a deportista é apartada da competición oficial. Para Alba nese momento o seu mundo derrúbase. Acompañada pola súa inseparable adestradora, verase nunha encrucillada na que loita por cumprir o seu soño sen renunciar ao seu verdadeiro ser.

## ESTREA ABSOLUTA

**SALÓN TEATRO (SANTIAGO) | VENRES 6 OUTUBRO 2023 | 20.00 H**  
**DURACIÓN 80 MIN | PÚBLICO ADULTO (+12 ANOS)**

## SOBRE A OBRA

Escrita por Fátima Delgado e dirixida por Jana Pacheco, *Run Baby Run* aborda a discriminación de xénero dentro do deporte. Unha reflexión sobre canto se pode chegar a loitar sen traizoar os propios principios.

*Run Baby Run* é un espectáculo coproducido polo Teatro Español, o Centro Dramático Galego, Meninas Teatro e Proversus, co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e da Consejería de Cultura da Comunidad de Madrid.

# RUN BABY RUN

## FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

**AUTORÍA** | Fátima Delgado

**DIRECCIÓN** | Jana Pacheco

**ELENCO** | Alba Loureiro, Camila Bossa, Celina Fernández Ponte, Daniel Méndez

**DESEÑO DE ILUMINACIÓN** | Juan Gómez Cornejo

**DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA** | Alessio Meloni

**AXUDANTE DE ESCENOGRAFÍA** | Dita Segura, Giulia Sgró

**DESEÑO DE VESTIARIO** | Pier Paolo Álvaro E Roger Portal Cervera

**AXUDANTE DE VESTIARIO** | Dita Segura

**CONFECCIÓN DE VESTIARIO** | Pier Paolo Álvaro e Roger Portal Cervera, coa colaboración de Entretejiendo Vicálvaro

**MÚSICA ORIXINAL E ESPAZO SONORO** | Fernando Epelde

**COREOGRAFÍA** | Greta García

**ASESORÍA E COLABORACIÓN DRAMATÚRXICA** | Saida Santana

**ASESORÍA DEPORTIVA** | Raúl Sánchez García

**ASESORÍA ENTROIDO** | J. G. Rodicio

**DESEÑO DE CARTEL** | Irene Blasco

**DISTRIBUCIÓN** | Isis Abellán (Proversus)

**AXUDANTE DE PRODUCCIÓN** | Daniela Schmidt

**PRODUCCIÓN** | Meninas Teatro, Proversus, Teatro Español e Centro Dramático Galego (CDG)

**AXUDANTE DE DIRECCIÓN** | Vicky Peinado Vergara / Laura Míguez

**COMUNICACIÓN** | The Office Comunicación

**COMMUNITY MANAGER** | Rocío Agost

**DURACIÓN** | 80 min

**IDIOMA** | galego

**PÚBLICO** | adulto (+12 anos)



DANIEL  
MÉNDEZ

CAMILA  
BOSSA

ALBA  
LOUREIRO

JANA  
PACHECO

FÁTIMA  
DELGADO

ISIS  
ABELLÁN

GRETA  
GARCÍA

CELINA  
FERNÁNDEZ  
PONTE

**O EQUIPO**



Licenciada en Filoloxía Inglesa, Fátima Delgado conta, ademais, cun mestrado en Lingüística pola Universidade de Santiago de Compostela e unha ampla traxectoria nas artes escénicas e na poesía. Obtén a Bolsa ETC unipersoal da Cuarta Pared en 2022. En 2019, foi poeta seleccionada na residencia Ámeto Mítico da Fundación Uxío Novoneyra e da Xunta de Galicia. En 2018 obtivo a 'Ayuda para la Creación de las Artes Escénicas' da Comunidad de Madrid para escribir o seu espectáculo *Run Baby Run*.

Fátima comeza a súa formación en interpretación na aula de Teatro da USC en 2005. É cofundadora da compañía de teatro universitario As Fillas de Lilith, coa que adaptou ao galego *As bágoas amargas de Petra Von Kant*, de Fassbinder. No 2007 múdase a Madrid, onde estuda Arte Dramática en diferentes escolas e participa en talleres de creación escénica, interpretación e dramaturxia xunto a personalidades como Lucía Carballal, Pablo Remón, Sergio Blanco, Andrés Lima, Jana Pacheco, Marta Pazos ou Carlos Tuñón, entre outras.

Funda a compañía e produtora Meninas Teatro en 2012 xunto á actriz brasileira Cynthia Pagotto. Escribe e actúa en obras como *Androsex*, estreada na Sala Triángulo de Madrid en 2013; *No sin mi libro* (2015); e *Avón llama a tu puerta* (2016). É actriz noutros moitos espectáculos, como *Maleca* e *En el espejo*, de Víctor Sánchez Alonso (Festa Corral de Cervantes de Madrid).

Na compañía La Méduse, fundada xunto a Tatiana Carel, é codramaturga e actriz en *Tsunami* (2018), estreada no Festival Noches del Ramadán; e actriz e asesora dramaturxica nas obras *Servir* (2022), estreada no teatro do Instituto Francés, e *Mi verano en burkini* (2021). En 2016 é finalista coa peza *Tsunami* -xunto a Tatiana Carel- no I Certame Coreográfico Danza en Valores da Asociación Primario, no Museo C.A.V. A Neomudéjar de Madrid.

Fátima ten tres libros de poesía publicados: *Vestida de domingo* (Romanía Minor, 2011), *Ninfopoética* (Urutau, 2018) e *Ouveos / Aullidos* (Seda de Biso, 2020). Formou parte do Prostíbulo Poético e actuou en múltiples festivais de poesía, entre eles, o Festival Kerouac de Nova York e México (2022), o Festival Kerouac de Vigo, o V Festival dos Eidos (2019), Culturgal, Búscanse Poetas -do Bowery Poetry Club de Nova York-, Selic (2020) e outros moitos eventos poéticos en Madrid e Galicia. É tamén programadora e presentadora da sección de poesía do SilFest de Valdeorras.



FOTO: ESMERALDA MARTÍN



A directora de escena e dramaturga visual Jana Pacheco é licenciada en Dramaturxia e Dirección de Escena pola RESAD e en Historia da Arte pola Universidad Complutense de Madrid. Cursou o máster de Teatro e Artes Escénicas da UCM e especializouse en Dramaturxias da Imaxe, comisariado artístico e 'site-specific', cursando talleres en Arxentina, Londres, Varsovia e Berlín.

Como directora de escena, Jana estivo detrás de pezas como *La tumba* de María Zambrano e *Rosario de Acuña. Ráfagas de huracán*, ambas as dúas no Centro Dramático Nacional en 2018; ou *Camille*, no Teatro A Porta Estreita (2014) e noutros teatros de ámbito nacional (ata 2019).

Entre os seus traballos artísticos destacan, entre outros, a dramaturxia para a danza de *Julietas y Romeos*, con LaMov, no Palacio de Congresos de Zaragoza en 2021; *PACTO*, peza de danza de Verónica Garzón e Begoña Quiñones, gañadora do Certamen Coreográfico de Madrid en 2018 e estreada en Teatros del Canal en 2020; a performance inmersiva *Parpadeos*, no Museo Reina Sofía en 2019, dentro do programa 'Malestares Contemporáneos'; a súa participación como dramaturga visual na XVII Bienal de La Habana, dentro do proxecto *Si estuvieras en una isla...*; a dirección artística e comisariado teatral do proxecto *Plantación de la memoria*, froito do programa Imagina Madrid-Intermediae; e o seu traballo como asistente de comisariado de José Luis Raymond na PQ15 Cuadrienal de Praga de 2015.

Como dramaturga, en 2017 é merecedora da bolsa de Creación Teatral da Comunidade de Madrid para a escritura do texto *Remedios Varo. Mujer alquimia* e, en 2018, é beneficiaria da 'Ayuda Dramaturgias Actuales' do INAEM para a escritura do seu texto *Semillas de algodón*. Así mesmo, en 2021, recibe a 'Ayuda a la Creación Literaria' do Ministerio de Cultura por *Pentimenti*.

En 2021 funda a escola El Palomar Itinerante, onde imparte clases de dramaturxia visual e comparte proxecto pedagóxico con creadoras escénicas como Marta Pazos, Mariana González Roberts, María Velasco, Guillermo Heras ou Alberto Conejero, entre outras figuras.



FOTO: ANTONIO CASTRO

## JUAN GÓMEZ CORNEJO

www

Traballa profesionalmente no teatro dende 1980, alternando labores como iluminador e director técnico. Na actualidade dedícase exclusivamente ao deseño de iluminación, labor pola que foi recoñecido e premiado en varias ocasións.

Entre outros recibiu catro Premios Max, cinco premios ADE, Premio Ceres. Foi recoñecido coa Medalla de las Bellas Artes de Castilla la Mancha. En 2011 foille outorgado o Premio Nacional de Teatro.

Colaborou e segue colaborando como iluminador en diversas disciplinas artísticas con grandes directores/as de teatro, danza, ópera, zarzuela, musicais, en teatros públicos e privados de prestixio.

Representou a España na Exposición Fragments, dentro da Cuatrienal de Praga 2019 coa peza *Lighting for Pandur. Fragmentos del Alma*.

Colabora habitualmente como profesor no mestrado de Creación Teatral, impartido na Universidade Carlos III e dirixido por Juan Mayorga.

Entre os seus últimos traballos podemos citar: *Billy Elliot*, *West Side Story* e *Matilda* para Som Produce. *La dolores* e *Pan y Toros* para o Teatro da Zarzuela. *La Dorotea* e *Edipo* para o Teatro Español. *Macbeth* para o CDN. *La bella Otero* para o BNE. *Company* para o Teatro do Soho de Málaga. *Las horas vacías* e *El abrecartas* para o Teatro Real. *El vergonzoso en palacio*, *El príncipe constante*, *Lo fingido verdadero* e *El burlador de Sevilla* para a CNTC. *Las guerras de nuestros antepasados* para o Teatro Bellas Artes, Pentación.



A black and white portrait of Alessio Meloni, a man with a beard and short hair, smiling. He is wearing a light-colored t-shirt. The background is a dark, solid color.

## ALESSIO MELONI

Cagliari, Italia, 1987

www

Escenógrafo, figurinista e docente italiano afincado en Madrid. Avalado por máis de 70 proxectos, deseñou escenografías e vestuarios para directores como Miguel del Arco, Adriana Ozores, Juan Margallo, Josep María Mestres, Pablo Remón, Fernando Soto, David Serrano, Carolina Román, Paloma Pedrero entre outros o para autores como Luis Alberto de Cuenca, Alberto Conejero, Lucía Carballal, Nieves Rodríguez, Felix Estaire, entre outros.

Dentro do ámbito teatral paga a pena sinalar escenografías como *Danzad malditos* e *Historias de Usera* (ambas gañadoras dun Premio Max), *Numancia*, *Jauría*, *Port Arthur* e *Una vida americana*, pola que foi nominado nos premios Max. Tamén recibiu unha nominación nos premios Musical Broadway World por *Drac Pack*. Actualmente compaxina a docencia cos deseños para teatro, ópera, musicais e audiovisual.

### ÚLTIMOS TRABALLOS

- *Los Pálidos*. Dirixida por Lucía Carballal. Sala F. Nieva. CDN / Teatro Valle Inclán. Madrid
- *Amistad*. Dirixida por Jose Luis G.Pérez. Sala Fernando Arrabal. Matadero.
- *Amaeru*. Dirixida por Carolina Román. Sala Negra. Teatros del Canal. Madrid
- *Columpios*. Dirixida por Jose Troncoso. Sala Princesa. CDN. Teatro M Guerrero
- *La Florida*. Dirixida por Victor Sánchez. Sala Max Aub. Matadero. Madrid
- *Life is a dream*. Dirixida por Declan Donnellan. Teatro Lope de Vega. Sevilla y Teatro Clásico
- *La cabeza del dragón*. Dirixida por Lucia Miranda. Teatro María Guerrero. CDN
- *El año Picasso*. Dirixida por Miguel Cuervo. Museo Reina Sofía
- *El misántropo*. Dirixida por Carol López. Festival de Mérida. P Teatro F. Fernán Gómez
- *Dolores*. Dirixida por Selu Nieto. Sala M. Xirgu. Teatro Español. Madrid
- *Sweet Dreams*. Dirixida por Alberto Velasco. Nave73 Madrid
- *Ladies football club*. Dirixida por Sergio Peris Mencheta. Sala verde. Teatros del Canal
- *Blast*. Dirixida por Teatro envilo. Sala principal. CDN. Teatro M Guerrero. Madrid
- *L'Oreneta*. Dirixida por Josep María Mestres. Teatro Villarroel. Barcelona
- *La infamia*. Dirixida por Jose Martret. Sala Max Aub. Teatro Matadero. Madrid
- *Las troyanas*. Dirixida por Adriana Ozores. Compañía Nacional Teatro Clásico. Sala Tirso





## PIER PAOLO ÁLVARO



Consolidado na escena española como director artístico de vestuario e espazo escénico, estes son algúns dos seus últimos traballos:

- *La vida de los animales*. Teatro Español. Dirección Pepa Gambo. Texto Lola Blasco
- *Twist*. Circo Price. Dirección Marta Pazos
- *Don Juan Tenorio / Don Juan de Alcalá 2.0*. Alcalá de Henares. Dirección: Pepa Gambo
- *Safo*. Festival de Teatro Clásico de Mérida 2022. Dirección Marta Pazos República de Roma. Dirección José Pascual
- *El misántropo*. Festival de Teatro Clásico de Mérida 2022. Dirección Carol López
- *As 8 da tarde cando morren as nais*. Dirección Marta Pazos
- *Lo fingido verdadero*. Teatro Clásico. Dirección Lluís Homar
- *La comedia de las maravillas*. Teatro Clásico. Dirección Lluís Homar
- *Je suis narcissiste*. Ópera. Dirección Marta Pazos, coproducida por Teatro Real / Teatro Español / Teatre Lliure de Barcelona e Opera de Buxaca
- *Linda vista*, de Tracy Letts. Dirección José Pascual, Centro Dramático Nacional, Cdn. Talycual Producciones / Pentación Producciones
- *La culpa*, de David Mamet. Dirección Juan Carlos Rubio, Talycual Prod./Pentación
- *Tres cosas*, (Pheonix) Scott Organ, adaptación Bernabé Rico. Dir. Jose Pascual
- *Los días de la nieve*, de Alberto Conejero
- *El montacargas*. Dirección Antonio Malonda
- *Aquiles el hombre*, de Roberto Ribera Festival de Teatro Clásico de Mérida 62 Edición. Dir. Jose Pascual
- *Las criadas*, Festival de Teatro Surge Madrid. Dir. Antonio Malonda.
- *Addio del passato*, Fernando Fernán Gómez Madrid. Escenografía e vestuario
- *Los buitres*, Teatro Lara Madrid
- *Albricias y melocotones*, dirección Tete Cobo, producción Turlitava
- *Si los ángeles disparan*, de Jorge Moreno, Teatro Lara
- *Mírame*, dirección Jesús Cracio, Sala Mirador
- *Locuras cotidianas*, de Petr Selenka, Teatro Lara. Vestuario. Elepe, Teatro Lara
- *Insolventes*, dirección Pablo Martínez, Producciones El Perro, Nave 73
- *Canciones de carne / Rosalinda Galan quiere ser María Jiménez*, Teatro Lara
- *La Fundación*, de Buero Vallejo, dirección Ruth Díaz
- *Ahogados*, de Carlos Eugenio López



## GRETA GARCÍA | Sevilla, 1992




Bailarina e coreógrafa. Colabora asiduamente coa artista plástica e a súa nai, Anna Jonsson, en diversas obras e performances, en 2020 decidiron establecerse como colectivo artístico co nome de Greta & Anna e estrean *Mi madre muerta* no Teatro Central. Foi parte do equipo LUDO Circus Show, o seu primeiro traballo circense, que recibiu varios premios. E fundou xunto ao artista de circo, Darío Dumont, a compañía Lanördika en 2017, creando o espectáculo *Rojo estándar* que leva desde entón xirando nacional e internacionalmente na rúa e en sala.

En 2021 participa como bailarina na nova película de Paco León e estrease como directora circense do novo espectáculo da compañía *Cándido* e actualmente do proxecto de gran formato *Sopla!* xunto a Daniel Foncubierta. En xaneiro de 2022 estrea nova proposta, esta vez baseada en obxectos, maquetas e bonecas, *Les Tricoteuses*, xunto á cineasta Rocío Huertas e a propia Anna Jonsson. En 2022 tamén publicase a súa primeira novela titulada *Solo quería bailar* coa editora Temas de Hoy.

Laura Morales e Greta García deciden unirse en 2013 e fundar Hermanas Gestring, apostando por novos camiños para a creación. Deron paso á performance creando obras para galerías de arte e espazos alternativos como *Enfajadas* ou *Pulquérrimas* dentro do programa Iniciararte. Colaboran con outros artistas como o músico Sleepy James en *Aletra y Virtue se van de Balanegra*, o coreógrafo Juan Luis Matilla (Mopa) con *Ese de ahí va te a matar* ou participan como intérpretes na obra ideada por Miguel Marín *Benvido á Montgomery Experience*. Crean *We'll kill you* en Alemaña para o Festival RootlessMovement.

En 2016 afirman o seu traballo ao ser gañadoras do Certame Coreográfico de Madrid Pasa2 con *Boa nena*, recibiron o Premio Residencia en Tanzhaus Zurich onde naceu a semente de *A muerte*, que se estreou a finais de 2018 no Teatro Central. E no 2019 participan no proxecto Silent City de Artscennico Performing Arts en Dortmund (Alemaña) e comezan unha nova liña apostando pola música co concerto *Adora a las hermanas Gestring*. No 2023, coincidindo coa década de vida de Gestring Sisters, estrearon *Hacer amor* en Teatros del Canal.



A close-up portrait of a man with dark, curly hair and a light beard, looking directly at the camera with a neutral expression. He is wearing a blue shirt. The background is dark and out of focus.

## FERNANDO EPELDE

Ourense, 1980

www

Entre os seus traballos recentes destacan algúns espazos sonoros e musicais interpretados en producións do Centro Dramático Nacional, eventos performativos, bandas sonoras para televisión e cine. O seu traballo destaca pola música en directo que interpretou como parte da compañía galega Voadora, xunto cos músicos Hugo Torres e José Díaz, así como pola súa traxectoria estritamente musical en formacións como Modulok, Spam ou, na actualidade, proxectos experimentais dun natureza lixeiramente diferente, como Gossip ou PROPP. Neste ámbito, Fernando leva anos traballando co selo discográfico Raso Estudio, encargado de publicar os traballos de Parquesvr ou Baiuca, entre outros moitos.

Como músico, Fernando estivo nomeado aos Premios María Casares, gañou o Proxecto Demo de Radio3 coa banda Modulok e gozou de diversas bolsas de creación musical como as que conceden a Red Bull Academy, Matadero Madrid ou Sound-Off. Ademais, recibiu o recoñecemento nacional como dramaturgo e é autor de tres películas independentes.

### ALGÚNS TRABALLOS (MÚSICA E ESPAZO SONORO)

- 2021 - *Dr. Guillotin* - Música e espazo sonoro
- 2021 - *El tiempo libre* - Cinema - Música orixinal
- 2021 - #2PILGRIMS - RedRum Teatro - Alex Sampayo
- 2021 - *Me daba estos pendientes* - BSO e espazo sonoro. (Sala de Arte Contemporáneo de Tenerife)
- 2021 - Publicación - Single - *Tonya Harding* - Técnicas e procedimentos
- 2020 - BSO e espazo sonoro - *Rebel Garden*
- 2020 - BSO e espazo sonoro - *Mal avenida*
- 2020 - *Veneno sexy* - *Ojo último*
- 2020 - Publicación chisme- *Todo es ficción* - Raso Estudio
- 2019- *A amnesia de Clío* - Ópera - Marta Pazos/ Fernando Buide - (libreto)
- 2019 - BSO e espazo sonoro - *El inquilino* - Paco Gámez - Centro Dramático Nacional
- 2019 - BSO e espazo sonoro - *Metálica* - Íñigo Guardamino - Centro Dramático Nacional
- 2019 - BSO e espazo sonoro - Premios Mestre Mateo - Academia Audiovisual Galega
- 2019 - BSO - *Venimos a darlo todo* - Marta Pazos - Voadora Teatro
- 2019 - Publicación chisme- *Médium* - Raso Estudio
- 2017 - BSO - *Syd: Efectos que dejan de ser especiales con el tiempo* - (música e dirección)

# CALENDARIO

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

### PRESENTACIÓN DO LIBRO 'RUN BABY RUN'

MARTES 3 DE OUTUBRO | 20 H

CASA DO TABERNEIRO [RÚA DE SAN PEDRO 15]

PARTICIPAN: FÁTIMA DELGADO, AUTORA DA OBRA, MARCOS CALVEIRO, DIRECTOR DE EDICIÓNS DE EDITORIAL GALAXIA, E PAULA FERNÁNDEZ SEOANE, FILÓLOGA E PROFESORA

### FUNCIÓNS

VIERNES 6 OUTUBRO | 20.00 H

SÁBADO 7 OUTUBRO | 20.00 H

DOMINGO 8 OUTUBRO | 18.00 H

SALÓN TEATRO

ENTRADAS: [ENTRADAS.ATAQUILLA.COM/VENTAENTRADAS/ES/TEATRO/SALON-TEATRO-DE-SANTIAGO/16289--RUN-BABY-RUN.HTML](https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/teatro/salon-teatro-de-santiago/16289--run-baby-run.html)

**ESTREA ABSOLUTA**

## LOGROÑO | 44 FESTIVAL DE TEATRO DE LOGROÑO

VENRES 10 NOVIEMBRE | 20.00 H

TEATRO BRETÓN

INFO E ENTRADAS: [WWW.TEATROBRETON.ORG/EVENTO.ASP?EVENTO=1507](http://www.teatrobreton.org/evento.asp?evento=1507)

## MADRID

22 FEBREIRO - 24 MARZO 2024

DE MARTES A DOMINGO ÁS 19.30 H

TEATRO ESPAÑOL (SALA MARGARITA XIRGÚ)

INFO E ENTRADAS: [WWW.TEATROESPANOL.ES/RUN-BABY-RUN](http://www.teatroespanol.es/run-baby-run)



# RUN BABY RUN



## CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

**Bea Pérez**

604 07 04 09

[bea@theofficeco.es](mailto:bea@theofficeco.es)

**Luisa Castiñeira**

620 11 31 55

[luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es)

## PRESS KIT

<https://cutt.ly/RunBabyRun>